

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4855382815955904314.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 58-2024 Caldas do Miño

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA FACER FRONTE AO PAGAMENTO DAS FACTURAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS DE VIXILANCIA, SOCORRISMO E MANTEMENTO DAS DENOMINADAS "CALDAS DO MIÑO".

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 58-2024, por un importe total de 80.000 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico para facer fronte ao pagamento das facturas polos servizos prestados de vixilancia, socorrismo e mantemento das denominadas "Caldas do Miño".

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1624/2024, do 15.11.2024 así como os RCMOD Ref.: 75332/2024, RCMOD Ref.: 75333/2024, Ref.: 75334/2024, Ref.: 75335/2024, Ref.: 75337/2024 e Ref.: 75338/2024 por importe de 80.000 €, do 13.11.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Neste caso, no expediente xustifícase que se trata de aplicacións pertencentes á mesma área de gasto e política de gasto, porque pertencen á mesma Concillería, e que non se trata de novas actuacións senón de dar cobertura ao mantemento de proxectos financiados con fondos europeos.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4855382815955904314.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 58-2024 Caldas do Miño

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 80.000 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
17000.20300 17000.21000 17000.22199 17000.22602 17000.22699 17000.22706	13.693,00 € 7.500,00 € 119,00 € 15.837,00 € 16.000,00 € 26.851,00 €	17100.22799	80.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	80.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	80.000,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.